

## Unidade 10. Enguedellados coas palabras

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### A Gaivota Antón

A gaivota Antón era unha gaivota de cor chocolate. Antón nacera no tellado dun edificio vermello de seis pisos no centro da vila. Por veces, a Antón visitábao a súa avoa. Era unha gaivota moi vella, de corpo branco e alas prateadas. Cando voaba facíao dun xeito tan lixeiro que a Antón lle parecía máxico. A súa avoa xa lle tiña explicado que para conseguir voar así Antón tiña que facerse amigo dos ventos, tiña que chamarlles polo seu nome, que é a única forma en que os ventos atenden. Cando viña velo, sempre lle traía cousas moi ricas de comer que non había na vila; traíalle da praia deliciosos mexillóns, tan frescos que aínda viñan cheos de auga do mar.

Un día Antón preguntoulle á súa avoa en que tellado nacera, e para a súa sorpresa contestoulle que ela non nacera nun tellado. Antón non entendía. Por un momento preguntouse se a súa avoa non estaría demasiado vella. Foi entón cando lle falou das Illas.

Nas Illas as paredes non son edificios, senón grandes cantís, e ao seu pé brúa o mar bravo, petando con forza coma se fose un inmenso boi, pero en vez de ruído o que provoca é a máis fermosa música que pode

imaxinar unha gaivota. O mar está cheo de peixes de todos os tamaños e cores. Non había cristais onde cortarse, nin plásticos onde enlarse e, sobre todo, non había coches nin fume. Naquel momento, Antón decidiu que cando fose maior quería coñecer **as Illas**.



Pilar YTURBE e Álvaro CASTRO

## Unidade 10. Enguedellados coas palabras

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Escribe o nome dos personaxes.



\_\_\_\_\_



\_\_\_\_\_

### 2. Como reconecemos unha gaivota nova dunha vella?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

### 3. Por lle parece a Antón que o voar da avoa é máxico?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

### 4. Relaciona.

Antón •

Avoa •

- Naceu nas Illas.
- Vive nunha cidade.
- Vive alén do mar.
- Naceu nun tellado da cidade.

### 5. Que larpeiradas lle traía a avoa a Antón cando o viña visitar?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

### 6. Cales son as desvantaxes de vivir nunha cidade?

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

### 7. Describe como sería se ti vivises nas illas.

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## Unidade 10. Enguedellados coas palabras

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 8. Une as siglas co seu significado.

- ABS •
- DNI •
- Talgo •
- Documento Nacional de Identidade.
- Tren Articulado Lixeiro Goicoechea Oriol
- Sistema de Antibloqueo de Rodas

### 9. Escribe unha oración con cada unha das siglas do exercicio anterior.

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

### 10. Subliña de vermello o prefixo que haxa nestas palabras.

Sistema antibloqueo de rodas.



### 11. Clasifica estas palabras segundo o número de sílabas.

- Documento: \_\_\_\_\_
- Nacional: \_\_\_\_\_
- Identidade: \_\_\_\_\_
- Tren: \_\_\_\_\_
- Lixeiro: \_\_\_\_\_

### 12. Escribe tres palabras do campo semántico de tren e vehículos.

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

### 13. Relaciona cada sigla co seu significado.

- AVE •
- RENFE •
- FMI •
- UE •
- Unión Europea
- Fondo Monetario Internacional
- Alta Velocidade Española
- Rede Nacional dos Ferrocarrís españois.

## Unidade 10. Enguedellados coas palabras

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 14. Fíxate na programación.



### 15. Contesta as seguintes preguntas.

- Que programa tes que elixir para saber o tempo que fará mañá?

---

---

- Que programa hai á hora que chegas da escola?

---

---

- Que programa cres que se repite todos os días?

---

---

- Desta programación, que programa é o teu preferido?

---

---